

## NOTA DE PRENSA

# O XORNALISTA CAMILO FRANCO LERÁ O MANIFESTO GALEGO DO DÍA MUNDIAL DO TEATRO NOS XVIII PREMIOS MARÍA CASARES

*A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) escolle este ano o xornalista e crítico pola súa contribución á difusión da actividade teatral e por “servir de ponte” entre o sector e o seu público*

*Camilo Franco prepara un texto para nos lembrar que “o mundo é totalmente teatral e por iso debemos atender o teatro para solucionar os nosos problemas”*

**19 de marzo de 2014-.** Camilo Franco, xornalista e crítico, será o encargado de redactar e ler o **Manifesto Galego do Día Mundial do Teatro** durante a cerimonia dos **XVIII Premios María Casares**. Deste xeito, o escritor subirá o próximo xoves 27 de marzo ao escenario do Teatro Rosalía Castro para ler o seu texto, no que se destacará a relevancia das artes escénicas no desenvolvemento social e cultural do país.

A Xunta Directiva da **Asociación de Actores e Actrices de Galicia** escolle este ano a **Camilo Franco** como **compañeiro de viaxe polo seu traballo na visibilidade da escena do país**. “O teatro precisa da información e da crítica. Hai un grupo de profesionais da comunicación que desenvolveron este traballo necesario. E escollemos a Camilo Franco como un representante claro desta función tan importante para nós”, destaca Avelino González, presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG)

Deste xeito, o xornalista únese á lista de ilustres persoeiros que, nos últimos anos, redactaron o Manifesto do Teatro na gran festa da escena galega. O ano pasado o encargado fora o presidente da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), o poeta Cesáreo Sánchez e, na edición de 2012, o ex presidente da Real Academia Galega Xosé Luís Méndez Ferrín, quen leu o documento ante os centos de profesionais do gremio que, cada ano, acoden á cerimonia de entrega.

**“O mundo hoxe en día é totalmente teatral, polo que temos que atender e entender o teatro para solucionar os problemas do mundo”;** asegura **Camilo Franco**, quen engade que “na escena temos un espello para decatarnos de que somos moi malos: querémonos mal e matámonos moi ben”. Dadas as circunstancias da actualidade, “o teatro debe poñer o mundo a andar”.

Con estas premisas, Camilo Franco lerá o manifesto na cerimonia duns **María Casares** nos que colaboran diversas entidades e institucións, demostrando a relevancia pública e social do sector teatral. Este ano, a Consellería de Cultura e Educación, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), o Concello da Coruña, a Fundación AISGE, a Fundación SGAE, GADISA ou o Padroado de Cultura do Concello de Narón implícanse nos Premios María Casares co seu apoio.

## **PERFIL CAMILO FRANCO**

Nacido en Ourense en 1963, Camilo Franco conta cunha longa traxectoria vencellada ao xornalismo cultural, centrada especialmente na difusión e promoción da realidade teatral. O seu traballo en diversos medios, como *La Voz de Galicia* e Radio Galega, serviu de ponte entre o público e os profesionais do sector grazas a súa dedicación informativa e o seu oficio como crítico teatral.

No eido literario, Camilo Franco tamén destacou con diversas obras e experiencias singulares. Nesta faceta de escritor realizou unha actividade literaria pioneira na rede a través do portal *Vieiros* baixo o título *Por conto alleo*. Durante cincuenta días, os lectores do desaparecido web enviaban cada día unha serie de palabras coas que o escritor elaboraba un relato. Todos eles recolléronse nun libro editado por Galaxia e titulado como o propio experimento virtual.

Antes desa iniciativa de comezos dos anos 2000, Camilo Franco xa publicara obras narrativas como *A lúa no cénit e outros textos* (Edicións do Castro, 1988) ou *En malos pasos* (Xerais, 1995). Nos últimos anos, publicou tamén con Xerais *Palabras contadas*, libro que contaba cunha extensión artística, na que o autor -en compañía do músico Magín Blanco- percorría locais nunha sorte de recital poético e musical. En 2011, coincidindo coas eleccións municipais, lanzou *Balada triste de moqueta* (Nócomún), unha sátira sobre o que hai por riba e por baixo das alfombras dos despachos políticos.

Camilo Franco tamén publicou as obras ensaísticas *Ribadavia* (Ir Indo, 1993) e *Dez obras na vida de Roberto Vidal Bolaño* (Biblos Clube, 2012). Como escritor, a súa sinatura aparece nos libros colectivos *Unha liña no ceo* (Xerais, 1996), *Narradio: 56 historias no ar* (Xerais, 2003) e *Níxer* (Xerais, 2010).

Na actualidade, podemos escoitar os seus comentarios e as súas críticas teatrais no programa Diario Cultural da Radio Galega.